



NORMAS 14ª MICE, MOSTRA INTERNACIONAL DE CINEMA ETNOGRÁFICO MUSEO DO POBO GALEGO

O Museo do Pobo Galego promove a MICE (Mostra Internacional de Cine Etnográfico) que se celebra en **Santiago de Compostela do 25 ao 31 de marzo**. A MICE pretende achegar o cinema etnográfico e a antropoloxía audiovisual ao público, entendendo o cinema etnográfico como unha ferramenta de investigación, comunicación e creación, no ámbito da representación da diversidade cultural. Busca xerar un espazo de diálogo e intercambio, un foro ao redor de filmes que mostren aspectos relacionados coas distintas realidades socioculturais, tendo como foco principal as persoas, os grupos sociais ou os procesos históricos relevantes relacionados coa antropoloxía e a etnografía.

CONDICIÓN XERAIS

Para concorrer á MICE, as obras presentadas deberán ter sido **producidas con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2017**.

Serán valorados como criterios de relevancia a importancia das cuestións abordadas, a calidade técnica e o sentido estético, a innovación tanto no temático como na maneira de comunicalo, e a relevancia científica.

Os e as autoras ou as produtoras poderán presentar un máximo de dúas obras.

Quedan fóra de admisión os traballos proxectados na Mostra en anteriores edicións e aqueles cuxas persoas responsables estean involucradas na organización, así como os que teñan un carácter turístico ou publicitario.

INSCRICIÓN

A inscrición poderase facer a través da plataforma www.clickforfestivals.com

Se houberse problemas para a inscrición en liña poderase solicitar a participación no concurso a través da seguinte dirección de correo electrónico: mice@museodopobo.gal

As películas poderanse presentar en calquera idioma pero as películas rodadas en idiomas que non sexan galego ou castelán, teranse que presentar con subtítulos en galego ou en castelán.

O prazo de presentación de inscricións finalizará o **31 de xaneiro de 2019 ás 23h59**.

SELECCIÓN

A Dirección da MICE constituirá un comité de selección que fará a avaliación das películas recibidas. Este comité será o encargado de decidir cales pasan a formar parte da sección concurso do festival. Ao finalizar o proceso de selección, a organización do festival comunicará a súa decisión ás persoas responsables das películas seleccionadas. A organización da MICE decidirá os días e as horas de proxección das películas. Unha vez incluída a referencia no catálogo, a película non poderá retirarse unilateralmente da competición.

As **películas seleccionadas** deberán enviar unha copia de proxección, preferentemente en formato dixital de alta definición. O Festival non aceptará copias que non reúnan as condicións mínimas de exhibición. A MICE deberá recibir a **copia de proxección antes do 10 de marzo de 2019**.

A copia para a proxección deberá ir acompañada de título, formato, tipo de pantalla e tipo de son. A produtora e/ou distribuidora deberá proporcionar á MICE, información e material publicitario (“press kit”, 3 fotografías e cartaz), tráiler e demais material para que o Festival poda promocionar debidamente a película. As obras orixinais enviadas para a súa exhibición deberán coincidir exactamente coa copia remitida inicialmente para a selección. O incumprimento deste requirimento será motivo de exclusión do filme da Sección Concurso.

Finalizado o festival, **os filmes seleccionados, premiados ou non, pasarán a formar parte do arquivo MICE do Museo do Pobo Galego**, autorizando a consulta privada con fins educativos e de investigación e regulando a súa exhibición, presentación e difusión en mostras e programas culturais e educativos sen ánimo de lucro.

XURADO

O xurado estará formado por profesionais do ámbito cinematográfico, audiovisual, antropolóxico e cultural, escollidos pola organización da MICE.

O Xurado resérvase outorgar as mencións que considere oportunas. Durante a elaboración do palmarés, o voto do xurado será secreto. As decisións tomaranse por maioría absoluta dos votos. A Dirección do festival poderá asistir as deliberacións pero non participará nas votacións. Non poderán formar parte do Xurado persoas con intereses na produción o explotación dunha película en competición.

PREMIOS

As películas seleccionadas a concurso optan ao premio MICE á mellor película etnográfica dotado con 900 euros, trofeo e diploma.

As películas galegas seleccionadas a concurso optan tamén ao premio MICE á mellor película etnográfica galega dotado cun premio de 700 euros, trofeo e diploma.

Premio da AGANTRO (Asociación Galega de Antropoloxía) á investigación.

O público tamén outorga un premio que consistirá nun diploma e trofeo acreditativo.

Os premios económicos van suxeitos á lexislación vixente.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

A persoa que inscribe a obra no festival declara estar autorizada pola produtora a prestar a copia da película e aceptar as normas do certame.

Para a difusión do Festival, a Organización queda autorizada á utilización pública nos medios de comunicación de un fragmento de ate tres minutos de duración das películas seleccionadas.

A persoa que concurra responde da autoría e orixinalidade de cada película presentada, eximindo á Organización de toda responsabilidade en canto ao contido da mesma.

A aceptación do premio MICE implica incluír o mesmo na publicidade posterior do filme.

A inscrición dunha película equivale á aceptación das condicións do presente Regulamento, cuxa interpretación e aplicación corresponde á Organización.

Este regulamento édítase en galego, castelán e inglés. Para calquera dificultade na

interpretación, o texto de referencia é o galego.



ENGLISH

14th MOSTRA INTERNACIONAL DE CINEMA ETNOGRÁFICO - ETHNOGRAPHIC FILM FESTIVAL MUSEO DO POBO GALEGO

RULES AND REGULATIONS

The *Museo do Pobo Galego* (Museum of Galician People) organises the Mostra Internacional de Cinema Etnográfico - Ethnographic Film Festival. The 14th Mostra de Cinema Etnográfico Museo do Pobo Galego will run March 26 - 31 2019, in Santiago de Compostela.

We understand ethnographic cinema in a broad sense; it refers to those productions whose main aim is to show different aspects related to sociocultural realities as well as a community's way of life. It comprises films with the main focus on people, social groups and relevant historical processes that are related to anthropology and ethnography.

GENERAL CONDITIONS

The criteria will take into account the relevance of the social questions addressed, the technical quality and the aesthetic sense, the innovation in both its subject matter and its presentation, as well as its scientific relevance.

To be eligible for this Festival, the submitted films must have **been produced after 1st January 2017**.

Film authors may submit a maximum of two films.

Films made in different languages from Galician or Spanish must be subtitled in one of these languages.

Works shown in previous editions of the MICE and those films produced by people who take part in the Festival's organisation will not be accepted. Likewise, films with a touristic or commercial content are also excluded.

The deadline for film submissions is **January 31th, 2019 at 23h59**.

Entries can be completed online at <http://www.clickforfestivals.com/>

If there is a problem, registration can be done by email in mice@museodopobo.gal

SELECTION PROCESS

The selection of the documentaries for the Official Selection is the responsibility of the Festival. Once the selection process is completed, the organisation will notify their decision to the provided contact(s). Films screening schedule will be decided by the organisation. Once the film is included in the festival catalogue, its unilateral withdrawal will not be permitted.

A screening copy –preferably high definition digital copy– of **the selected film must be sent**. The Festival will not accept copies that do not meet the minimum conditions of screening. Screening copies should be received **no later than 10th March 2019**.

The screening copy must include the title, format, screen and sound requirements. A minimum of three digital images of the documentary must also be sent (frames, promotional poster,...), together with the author's films and the additional relevant information.

Original works submitted for screening must be exactly the same as the copy originally sent for selection. Failure to comply with this requirement will result in the submission being disqualified.

The selected films will become part of the Festival archive, and their use is therefore authorised for research and educational purposes. The submission of a film to the festival implies the acceptance of these rules and regulations.

FILM FESTIVAL JURY

The jury reserves the right to award mentions as they deem appropriate.

The vote of the jury will be secret while the process of selecting the awards takes place. Decisions will be made by absolute majority of votes. The Festival organisers may attend the deliberations but will not participate in the voting.

Any person who may have an interest in the film production or commercialisation will be unable to be part of the jury.

AWARDS

The Best Ethnographic Film Award consists of €900.

The Best Galician Ethnographic Film Award consists of €700.

AGANTRO (Galician Association of Anthropology) consists of a diploma and a trophy.

The Audience Award consists of a diploma and a trophy.

Financial awards are subject to current legislation.

FURTHER CONSIDERATIONS

The person responsible for entering the film in the Festival must be authorised to lend a copy of the film by the production company and will accept the festival rules and regulations.

The Organisation is authorised to make public use in the media of film footage of up to three minutes of the selected films.

The person submitting the work will be responsible for the authorship and originality of each film submitted; the Organisation is exempt from any responsibility with regards to the film contents.

The acceptance of the MICE award means to include it in the later advertising.

The submission of a film implies the acceptance of the conditions established in the Rules and Regulations, whose interpretation and application is the responsibility of the Organisation.

The festival Rules and Regulations are published in Galician, Spanish and English. The reference version for any problem concerning its interpretation will be the Galician version.



CASTELLANO

NORMAS 14ª MOSTRA INTERNACIONAL DE CINEMA ETNOGRÁFICO MUSEO DO POBO GALEGO

El Museo do Pobo Galego promueve la MICE (Mostra Internacional de Cine Etnográfico) que se celebra en **Santiago de Compostela del 26 al 31 de marzo**. La MICE pretende acercar el cine etnográfico y la antropología audiovisual al público, entendiendo el cine etnográfico como una herramienta de investigación, comunicación y creación en el ámbito de la representación de la diversidad cultural. Busca generar un espacio de diálogo e intercambio, un foro alrededor de films que muestren aspectos relacionados con distintas realidades socioculturales, teniendo como foco principal a las personas, los grupos sociales o los procesos históricos relevantes relacionados con la antropología y la etnografía.

CONDICIONES GENERALES

Las obras presentadas deberán haber sido **producidas con posterioridad al 1 de Enero de 2017**.

Serán valorados como criterios de relevancia la importancia de las cuestiones sociales abordadas, la calidad técnica y el sentido estético, la innovación tanto en lo temático como en la manera de comunicarlo, y la relevancia científica.

Los y las autoras y las productoras podrán presentar un máximo de dos obras.

Quedan fuera de admisión los trabajos proyectados en la Mostra en anteriores ediciones y aquellos cuyas personas responsables estén involucradas en la organización, así como los que tengan un carácter turístico o publicitario.

INSCRIPCIÓN

La inscripción se hará a través de la plataforma www.clickforfestivals.com Si hubiese algún problema para la inscripción en línea se puede solicitar la misma a través del correo mice@museodopobo.gal

Las películas pueden presentarse en cualquier idioma pero las películas rodadas **en idiomas diferentes del gallego o el castellano, tendrán que presentar subtítulos en gallego o en castellano.**

El plazo de presentación de inscripciones finalizará el **31 de Enero de 2019 a las 23h59.**

SELECCIÓN

El festival seleccionará las películas que participarán en la Sección Oficial. Al finalizar el proceso de selección, la organización del festival comunicará su decisión a las personas responsables de las películas seleccionadas. La organización de la MICE decidirá los días y las horas de proyección de las películas. Una vez incluida la referencia en el catálogo, la película no podrá retirarse unilateralmente de la competición.

Las **películas seleccionadas** deberán enviar una copia de proyección, preferentemente en formato digital de alta definición. El Festival no aceptará copias que no reúnan las condiciones mínimas de exhibición. La MICE deberá recibir **la copia de proyección antes del 10 de Marzo de 2019.**

La copia para la proyección deberá ir acompañada de título, formato, tipo de pantalla y tipo de sonido. La productora/distribuidora deberá proporcionar a la MICE, información y material publicitario ("press kit", 3 fotografías y cartel), tráiler y demás material adicional que se considere conveniente para que el festival pueda promocionar debidamente la película.

Las obras originales enviadas para su exhibición deberán coincidir exactamente con la copia remitida inicialmente. El incumplimiento de este requerimiento será motivo de exclusión del film de la Sección Concurso.

Finalizado el festival, **las cintas seleccionadas pasarán a formar parte del archivo de la MICE**, que podrá utilizar los trabajos seleccionados en Muestras, programas culturales y educativos, sin ánimo de lucro, comunicándoselo a los y las autoras.

JURADO

El jurado estará formado por profesionales del ámbito cinematográfico, audiovisual, antropológico y cultural, escogidos por la organización de la MICE.

El Jurado se reserva otorgar las menciones que considere oportunas. Durante la elaboración del palmarés, el voto del Jurado será secreto. Las decisiones

se tomarán por mayoría de los votos. La Dirección del festival podrá asistir a las deliberaciones pero no participará en las votaciones.

No podrán formar parte del Jurado las personas con intereses en la producción o explotación de una película en competición.

PREMIOS

Las películas seleccionadas a concurso optan al premio MICE a la Mejor Película Etnográfica dotado con 900 euros.

Las películas gallegas seleccionadas optan al premio MICE a la Mejor Película Etnográfica gallega dotado con 700 euros.

Premio AGANTRO (Asociación Galega de Antropoloxía) con diploma y trofeo acreditativo.

El público también otorga un premio que consistirá en un diploma y trofeo acreditativo.

Los premios económicos van sujetos a la legislación vigente.

OTRAS CONSIDERACIONES

La persona que inscribe la obra en el Festival declara estar autorizada por la productora a prestar la copia de la película y aceptar las normas del certamen. Para la difusión del Festival, la Organización queda autorizada a la utilización pública en los medios de comunicación de un fragmento de hasta tres minutos de duración de las películas seleccionadas.

La aceptación del premio implica la inclusión de esta circunstancia en la publicidad posterior de la película.

La persona que concursa responde de la autoría y originalidad de cada película presentada, eximiendo a la Organización de toda responsabilidad en cuanto al contenido de la misma.

La inscripción de una película equivale a la aceptación de las condiciones del presente Reglamento, cuya interpretación y aplicación corresponde a la Organización.

Este reglamento se edita en gallego, castellano e inglés. Para cualquier dificultad en la interpretación, el texto de referencia es el gallego.

